





Novela gráfica na que os destinos paralelos das dúas personaxes dialogan nestas páxinas coas doutras figuras revolucionarias do mundo da arte e a escritura.




A premio Nobel Louise Glück colócanos con estes poemas de aparencia sinxela, ante a fiestra do único que en realidade coñecemos: a vida



Novela histórica. Galicia, 1853. Relato novelado dun numeroso grupo de mozos galegos que marcharon a Cuba a traballar e foron vendidos como escravos para substituír a man de obra africana.




O protagonista desta historia é un nariz desproporcionado, que pertence a un heroe de nome Cyrano. Premio EDEBÉ Liter. Juvenil 2021




Análise das pinturas románicas de Sober acompañado por excelentes fotografías de Fran R. Luaña.



O retorno á escrita de Alicia Fernández (O Saviñao) cun poemario duro sobre a maternidade e a familia. XIX Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño





Un libro para experimentar un pouco de medo dentro dun bosque desacougante.




Lecturas noutras linguas

Muriel Barbery
Une gourmandise



RECOMENDACIÓNS LECTORAS NADAL 2021




COLECTIVO LEMOS LE

LEMOSLEZ4@GMAIL.COM



O Colectivo Lemos Le está formado por bibliotecas de centros educativos, concellos e asociacións da comarca de Lemos: CEIP A Gándara, CEIP A Pobra de Brollón, CEIP Plurilingüe Monforte, CEIP Monte Balño, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Virxe do Carme, CPI Dr. López Suárez, EOI de Monforte, EEI Infanta Elena, IES Francisco Daviña Rey, IES A Pinguela, IES Río Cabe, BPM de A Pobra de Brollón, BPM de Bóveda, BMP de Pantón, BPM de O Saviñao, BPM de Sober, Asociación de Libreiros de Monforte.




A nosa avoa ten moitísimos anos. Quérenos moito, e nós tamén a ela. Queres coñecela?



Conto para entender que é importante escoitar aos demais cun oído afinado e que non todo é o que parece.



A bruxa ía toda contenta na súa vasoira co seu gato, ata que lle caeu o lazo entre as silvas. Aventuras, risas e nervios nesta historia inesquecible de amizade, monstros e sobre todo, moita maxia!



O NONicornio non é un unicornio doce, chámase así porque sempre di NON; pero ata ser teimudo é máis divertido en compañía.




Como viven @s nen@s a volta ao cole? E se o cole fora un lugar onde a Xefa Sabetodo ensinara á súa tribo moitas cousas novas?



Á nai de Jojo complícaselle o día cando a chaman do cole: o neno está enfermo! Avisa á avoa para que vaia a coidalo, pero a mensaxe recíbea unha persoa peculiar...



As palabras desta nai embarazada, convidannos a descubrir como en todas as culturas as respostas se enchen de símbolos e de poesía



Mentres procuraba follas frescas e saborosas para comer, Milko escoitou un laio. Alguén precisa axuda. Que fará Milko? Seguirá o seu camiño ou axudará aos necesitados?




A Klops non lle pode ir peor: pícanlle os mosquitos, chove, a avoa bérralle... que máis lle pode acontecer? De súpeto, unha estrela aparece diante do seu fociño? E ao final será un día tan malo para Klops?

LECTORES AUTÓNOMOS (9 - 11 anos)



Naran está moi enfermo e só pode curar cunha planta que medra nos altos cumios. Unha nena chamada Od e varios animais intentarán chegar alí, conseguíranos?



Arrepiante suceso en París: a ratiña Magali desapareceu! E canda ela todos os ratos do barrio. Gatlock e os seus veciños emprenden a pescuda!



Oswaldo quere ser músico, pero non conservatorio descobre que non é apto para tocar ningún instrumento. Aínda así, o esforzo sempre ten recompensa...



Martiño ten que afrontar a unha situación moi difícil na súa curta vida. Para facelo contará con moita axuda: familia, amigos, profes, compañeiros...



Se miras ao ceo nocturno verás estrelas e se debuxas liñas entre elas verás aparecer animais celestes. Abre a túa ventá e observa...




Iía non ten medo, é valente e está disposta a enfrontarse ao que faga falta para volver xunto á súa nai, aínda que sexa ao malvado líder dos homes rata.


LECTORES EXPERTOS (12 - 14 anos)



Sakura é unha adolescente cunha deformidade na man. A súa vida cambiará cando coñece a Tetsuo e a un ancián supervivente do bombardeo de Hiroshima.



Aurora achegouse e abrazoume. Detrás dela había un grupo de mulleres que traballan na fábrica. Ti farás que soñemos... Agora ía ser nena lectora



Libro con solapas que nos ofrece unha viaxe no tempo ata a antiga Grecia, para coñecer esta civilización da que somos herdeiros/as.